

TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE NOS ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS DA CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.

REÚNENSE:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 maio, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Da outra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para a formalización desta addenda e, para os efectos,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Ambas partes asinaron o 19 de decembro de 2019 o convenio de colaboración entre a extinta Consellaría de Cultura e Turismo (hoxe Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela nos arquivos e museos da consellaría.

En virtude da addenda ao convenio asinada con data do 4 de febreiro de 2022, amplíase a relación de centros para a realización de prácticas académicas externas á Biblioteca de Galicia e ás bibliotecas públicas de xestión autonómica entre os centros habilitados para recibir alumnado en prácticas.

En virtude da addenda ao convenio asinada con data do 9 de maio de 2023, acórdase prorrogar o Convenio de Colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade para a realización de prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, do alumnado dos centros que figuran no Anexo II do convenio nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por un novo período de catro anos tras o remate da vixencia do convenio obxecto da prórroga.

Segundo.- O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, veu a engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, no que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

De acordo con esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desa disposición adicional.



Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnado universitario e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster.

O referido real decreto-lei establece que as persoas que realicen estas prácticas quedarán incluídas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime xeral da Seguridade Social, e que o cumprimento das obrigas da Seguridade Social lle corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou o organismo que financie o programa de formación e, no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade en que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, de ser o caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que esas obrigas sexan asumidas polo centro de formación responsable da oferta formativa.

Este novo réxime entrará en vigor desde o 1 de xaneiro de 2024.

Terceiro. As partes asinantes concordan na conveniencia de incluír no sistema da Seguridade Social ao alumnado da Universidade de Santiago de Compostela segundo o previsto no mencionado Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, que engadiu unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Por todo o anterior, as partes

ACORDAN

PRIMEIRO: Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado o 19 de decembro de 2019, para modificar a cláusula sétima que queda redactada do seguinte xeito:

Sétima. VINCULACIÓN DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS COA ENTIDADE COLABORADORA.

1. A relación do alumnado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no “Estatuto dos Traballadores”.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que o alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o alumnado.
5. As prácticas obxecto deste convenio requirirán da asunción, por parte da Universidade de Santiago de Compostela, con carácter previo ao inicio do período de prácticas, da obriga de tramitación da alta na Seguridade Social e cotización do alumnado mentres se manteña en vigor a disposición adicional 52ª do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, engadida polo Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo.

SEGUNDO.- O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Asemade procederáse á inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

CUARTO: O resto das cláusulas do convenio asinado o 19 de decembro de 2019, non sofren modificacións.

En proba de conformidade, ambas partes asinan a presente addenda no lugar e data da sinatura dixital

<p>OLA CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES O Secretario Xeral Técnico (P.D. Orde do 29-07-2022)</p>	<p>OLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Por delegación do Sr. Reitor (RR do 21-04-2022 DOG do 26-04-2022) O Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo,</p>
<p>Don Manuel Vila López</p>	<p>Don Francisco José Fraga López</p>

